

## **CONVOCATORIA DE PRBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO AOS ESTUDOS DE GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE E PARA A COTA DE ACCESO AO SEGUNDO CICLO, CON COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN, DA LICENCIATURA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE, DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA.**

O RD 1423/1992 do 27 de novembro, sobre incorporación á universidade de ensinanzas de educación física, establece no seu artigo 3 que as universidades, en atención ás aptitudes indispensables para a aprendizaxe das materias ou disciplinas propias das ensinanzas de educación física, poderán efectuar, a quen solicite iniciar os ditos estudos, probas de avaliación das aptitudes persoais para a actividade física e o deporte que, en ningún caso, consistirán en probas de coñecemento e só se outorgará a cualificación de apto (preferente ou non preferente) ou non apto.

De acordo co exposto, convócanse as probas de avaliación específicas que se regularán polas seguintes:

### **BASES**

#### **Primeira: número de prazas**

O número de prazas para cursar estudos de 1º curso do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, será de 120.

O número de prazas para cursar estudos de Complementos de Formación na Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, será ata un máximo de 12.

O número de prazas que se oferta é sen prexuízo do que ao respecto aprobe o Consello de Goberno da UDC.

#### **Segunda: acceso á Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física**

Regularase polos prazos e os procedementos establecidos pola CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia) de acordo coa lexislación vixente.

A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física realizará as adaptacións precisas nas probas de avaliación específicas para aqueles estudantes con discapacidade.

O tribunal poderá modificar os protocolos e os baremos das probas específicas, tendo en conta as características teórico-prácticas dos estudos de Ciencias da Actividade Física e do Deporte e a posible adaptación destes nos casos que puideren presentarse.

#### **Terceira: lugar e datas de realización das probas**

As probas realizaranse nas instalacións da Universidade da Coruña.

As probas específicas de acceso terán lugar nas seguintes datas:

- O día 17 do mes de abril de 2010
- Os días 21 e 22 de xuño de 2010

No caso de non se cubrir nestas datas o número de prazas que recolle a base primeira desta orde, porque os aspirantes non acadaron en número suficiente a cualificación de APTO, de acordo co que está reflectido na base sétima no apartado de puntuacións, repetirase a convocatoria no mes de setembro (6 de setembro) que estará regulada por todo o previsto nesta Resolución.

#### **Cuarta: solicitude de matrícula para a realización das probas específicas**

Normas de inscrición:

As persoas que desexen tomar parte nas probas específicas cursarán a súa solicitude utilizando os impresos normalizados, dirixidos ao decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación

Física, de acordo cos prazos sinalados nas presentes bases.

- Os impresos normalizados, as bases da convocatoria, as instrucións de matrícula e os anexos da presente Orde poden descargarse da seguinte páxina web: [www.udc.es/inef](http://www.udc.es/inef).

Os aspirantes entregarán as solicitudes nas oficinas desta facultade, persoalmente ou ben a través do correo certificado. Será de aplicación o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro dos prazos que se sinalan e de acordo coas seguintes condicións:

A documentación que deberán presentar é a seguinte:

- Solicitud dirixida ao decano desta facultade en impreso normalizado
- Tarxeta de exame debidamente cuberta, con fotografía adherida
- Fotocopia compulsada do DNI
- Certificado médico expedido en impreso oficial do Colexio de Médicos en data recente (máximo dous meses anteriores ao prazo de entrega da documentación) en que se faga constar literalmente que “non existe ningún tipo de contraindicación que impida o normal desenvolvemento da súa actividade discente e a realización de probas físicas de máximo esforzo”.
- Resgado de aboar os dereitos de exame e pagamento do seguro de accidentes que se realizará mediante un impreso contable para tal fin.

Os aspirantes incluídos na quenda de discapacidade deberán:

- Solicitar expresamente na instancia dirixida ao decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que se realicen as adaptacións necesarias ao seu caso.
- Xuntar na súa documentación a certificación oficial de discapacidade recoñecida polo órgano correspondente da Xunta de Galicia ou outro órgano oficial.

**A solicitude para realizar as probas específicas non exime da realización dos trámites de acceso e admisión á Universidade regulados pola CIUG. Para estes trámites deberá dirixirse ao LERD que lle corresponda (os LERD da UDC atópanse no Pavillón de Estudiantes, campus de Elviña (A Coruña), teléfono: 981 167 000, ext.: 1192 e no campus de Esteiro (Ferrol) teléfono 981 337 40,0 ext.: 3652).**

#### **Quinta: prazos de matrícula**

O prazo de matrícula para as probas específicas de acceso abrirase o día da publicación desta Resolución na páxina web desta facultade ([www.udc.es/inef](http://www.udc.es/inef)) e pecharase 5 días naturais antes da data de realización das probas.

Para poder realizar as devanditas probas será necesario ter entregada toda a documentación esixida na base cuarta.

#### **Sexta: dereitos de exame**

O importe dos dereitos de exame será de 63,67 €, máis 6 € en concepto de seguro de accidentes. As posibles bonificacións ou exencións de prezos estarán suxeitas ao que está **disposto** no:

- a) Artigo 13.2 da Normativa de xestión académica 2009/2010, aprobada por RR do 1/07/2009.
- b) Decreto da Xunta de Galicia **358/2009**, do 9 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2009/2010.

O pagamento dos dereitos de exame permitirá presentarse a todas as probas previstas nesta resolución (abril, xuño e setembro), só haberá que aboar novamente o seguro de accidentes.

**Sétima: probas específicas de acceso**

*Regulamento*

Con dez días de antelación, como mínimo, no taboleiro de anuncios da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física publicarase o Regulamento das probas específicas, polo que se rexerán as condicións e o desenvolvemento destas e a composición do tribunal que xulgará as probas. Así mesmo, o regulamento poderase consultar na páxina web ([www.udc.es/inef](http://www.udc.es/inef)).

As probas específicas realizaranse nas instalacións da Facultade (Avda. Ernesto Che Guevara, 121, 15179 – Bastiagueiro (Oleiros) – A Coruña).

*Puntuacións*

Para obter apto preferente, o aspirante terá que conseguir polo menos a puntuación A en catro das cinco probas e a B nunha.

*Descrición e orde de realización.*

Consistirá na realización de 5 probas de aptitude para a actividade física e o deporte, cunhas puntuacións A e B, conforme o baremo que recolle o ANEXO I desta resolución e seguindo a orde que se especifica a continuación:

- Bloque 1: Proba de adaptación ao medio acuático  
Bloque 2: Proba de axilidade no chan  
Proba de carreira de obstáculos (esta proba realizarase a cuberto)  
Proba de axilidade co balón  
Bloque 3: Proba de resistencia cíclica

Poderase modificar a orde das probas do bloque n.º 2, en función das necesidades de organización. Cando o rendemento do aspirante nunha proba sexa interferido por motivos alleos á súa vontade, a xuízo do tribunal, o aspirante poderá repetir a proba.

Para ser considerado apto non preferente, o aspirante deberá finalizar (sen descualificación) e obter rexistro en todas as probas de aptitude anteriormente sinaladas. O tribunal poderá descualificar o aspirante nunha proba se non cumpre o que establece o Regulamento.

**Oitava: aptos e matrícula definitiva**

Oportunamente, publicarase a relación provisional de aptos e non aptos que especificará os aptos preferentes e os aptos non preferentes, ocupando os últimos as vacantes que deixen os primeiros segundo os criterios xerais de acceso á universidade.

Unha vez publicada esta lista, abrirase un prazo de cinco días naturais para posibles reclamacións, posteriormente publicarase a relación definitiva de aptos no taboleiro de anuncios da Facultade que no seu momento se tramitará á CIUG. O “apto preferente” nas probas específicas de acceso nesta convocatoria manterase durante os 2 cursos seguintes (2011-2012 e 2012-2013).

Os alumnos que nas probas específicas de acceso a esta Facultade durante os cursos 2008-2009 e 2009-2010 obtiveron a cualificación de “apto”, non terán que as realizar novamente este curso, sen prexuízo de cumprir co que dispón a CIUG para o acceso á universidade.

**Novena: tribunal**

As probas específicas serán xulgadas por un tribunal nomeado polo reitor da Universidade da Coruña, por proposta da Dirección da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, formado entre profesores desta e que estará presidido polo decano da Facultade ou persoa en quen delegue.

A Coruña, 2010

O reitor da Universidade da Coruña

José María Barja Pérez

## ANEXO I

### Baremo das probas específicas de acceso a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física curso 2010/2011

*Bloque 1º: Adaptación ao medio acuático*

MARCA A:

Homes: 46"  
Mulleres: 53"4

MARCA B:

Homes: 48"53  
Mulleres: 56"

*Bloque 2º: Proba de axilidade no chan*

MARCA A:

Homes: 7  
Mulleres: 7

MARCA B:

Homes: 6,7  
Mulleres: 6,7

*Proba de carreira con obstáculos*

MARCA A:

Homes: 9"20  
Mulleres: 11"28

MARCA B:

Homes: 9"80  
Mulleres: 11"88

*Proba de axilidade co balón*

MARCA A:

Homes: 100"  
Mulleres: 155"

MARCA B:

Homes: 114"  
Mulleres: 196"

*Bloque 3º: Proba de resistencia cíclica*

MARCA A:

Homes: 9´44  
Mulleres: 13´01"

MARCA B:

Homes: 10´16"  
Mulleres: 13´58"